

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**DEPARTAMENTO DE GREGO**



**IES DO CASTRO**

**CURSO 2012-2013**

**XEFA DE DEPARTAMENTO: CARMEN VILARIÑO AGRAS**

## ÍNDICE

<b>1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2- OBXETIVOS</b>	<b>4</b>
<b>3- CAPACIDADES</b>	<b>5</b>
<b>4- CONTIDOS</b>	<b>6-16</b>
<b>5- PROCEDEMENTOS</b>	<b>6-16</b>
<b>6- CONTIDOS MÍNIMOS</b>	<b>17-18</b>
<b>7- CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>19</b>
<b>8- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>19</b>
<b>9- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>	<b>20-21</b>
<b>10- METODOLOXÍA DIDACTICA</b>	<b>22</b>
<b>11- MATERIAIS E RECURSOS</b>	<b>23-28</b>
<b>12- ACCIÓNS TICS</b>	<b>28</b>
<b>13- EDUCACIÓN EN VALORES</b>	<b>29-30</b>
<b>14- ACCIÓN FOMENTO LECTURA</b>	<b>31</b>
<b>15- ACCIÓNS PLAN CONVIVENCIA</b>	<b>31</b>
<b>16- PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN</b>	
<b>17- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>	<b>32</b>

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

### INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Como se recolle na lexislación vixente o estudo da lingua e da cultura dos gregos, derivanse uns valores que se mantiveron vixentes ao longo da nosa historia e nos que seguimos inmersos.

A materia de grego non debe presentar a Grecia como meta, senón o lugar onde se prantexaron os problemas vitais de existencia do ser humano e onde se intentou acadar unha explicación, quizás por primeira vez.

Ensinar grego non debe verse como algo illado , senón en relación cas outras áreas do estudio, de xeito que o alumnado cree a capacidade de relación do individuo co seu entorno.

Esta programación didáctica pertence ao departamento de grego do IES do Castro para o curso académico 2012-2013. Recolle os distintos aspectos da materia de GREGO como materia de modalidade no 1º e 2º curso de bacharelato do Bacharelato de Humanidades

## OBXETIVOS

- A-** Coñecer e utilizar os fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega e iniciarse na tradución e comprensión de textos gregos de dificultade progresiva.
- B-** Dominar do mellor xeito o vocabulario técnico, científico e léxico xeral das linguas vehiculares obxeto de estudo a partir do léxico grego.
- Γ-** Adestrarse en sinxelas técnicas de análise filolóxico, unidades lingüísticas e estruturas gramaticais.
- Δ-** Introducirse dun xeito xeral nos distintos xéneros literarios gregos, remarcando a importancia destes na literatura de occidente.
- E-** Aproximarse ao mundo histórico, literario, filosófico, relixioso e científico da antigüedad grega a través da lingua e da súa cultura.
- Z-** Recoñecer e valorar os factores culturais herdados dos gregos.
- H -** Partir da aprendizaxe da lingua grega para entender os textos clásicos.
- Θ -** Introducir e interesar ao alumnado na lingua e cultura grega.
- I -** Estudiar o léxico grego que ten na nosa lingua unha presenza moi marcada, a través de exercicios de etimoloxía.
- K -** Adquirir un vocabulario de grego clásico básico, ampliable no 2º curso.
- Λ -** Fomentar a lectura de autores clásicos e novelas históricas onde haxa un fiel reflexo da cultura e civilización helénica , así como a lectura de obras actuais onde a presenza do mundo grego sexa ineludible.
- M -** Fomentar a adquisición de técnicas de traballo intelectual e adaptar ese traballo as novas tecnoloxías.

## **CAPACIDADES**

- A-** Coñecer e utilizar a morfo-sintaxe e o léxico grego para acadar a consecución da traducción de textos gregos clásicos orixinais.
- B-** Identificar e utilizar as etimoloxías gregas do vocabulario da lingua galega e española e nas demais linguas obxeto de estudio do alumnado.
- Γ-** Apreciar os valores éticos, estéticos e políticos do mundo grego.
- Δ-** Desenvolar técnicas de traballo intelectual mediante o comentario e uso crítico de documentos, bibliografía, material audiovisual, cartográfico e arqueolóxico.
- Z-** Adquisición dun vocabulario persoal máis amplo.
- H-** Coñecer os distintos recursos para o coñecemento das linguas clásicas que ofrecen as novas tecnoloxías.

## **CONTIDOS XERAIS**

### **A- A lingua grega**

Historia suscinta da lingua grega

O alfabeto grego

Flexión nominal, pronominal e verbal. Forma e función. A concordancia

Sintaxe. Oracións, nexos e partículas.

### **B- Os textos gregos e a súa interpretación**

Introducción as técnicas de tradución e interpretación de textos

Análise morfo-sintáctico.

### **Γ- O léxico grego**

Procedementos de derivación e composición de palabras.

Aprendizaxe de vocabulario grego.

Cultismos de orixe grega nas linguas modernas.

Vocabulario científico e técnico.

### **Δ- O legado grego.**

Sinopsis da xeografía e historia da Antiga Hélade.

A cidade grega

A lei, a xustiza, formas de goberno, crenzas e costumes.

Breve presentación dos xéneros literarios: épica, lírica, drama e

Historiografía.

## PROCEDEMENTOS

- A- Lectura dunha selección de textos clásicos traducidos ao castelán o ao galego.
- B- Traducción de textos gregos adaptados ao nivel do alumnado, en 2º Bac os textos adaptaranse as directrices da CIUGA.
- Γ- Análise morfo-sintáctico dos textos.
- Δ- Indagación nos textos de vocabulario e busca do étimo nas distintas linguas de estudio do alumnado.
- E- Elaboración dun caderno persoal de etimoloxías.
- Z- Lectura no 1º de Bac dunha comedia e cantos de poesía épica. 2º de Bac as obras estarán fixadas polas directrices da CIUGA.
- H- Visionado de películas e documentais de tema histórico ou mitolóxico.
- I- Realización dun traballo persoal, utilizando documentación variada.

## **1º DE BACHARELATO**


Materia propia de modalidade do bacharelato de humanidades

### **TEMAS**

- A- A lingua grega e a súa orixe indoeuropea.
- B- O alfabeto grego, historia e mito.
- Γ- Clasificación das letras gregas.
- Δ- Signos de puntuación e rasgos suprasegmentais.
- E- Primeira declinación.
- Z- Segunda declinación.
- H- Terceira declinación.
- I- Adxetivos calificativos.
- K- Verbos en μι, verbos regulares.
- Λ- Pronomes.
- M- Oración simple.
- N- Oración composta.
- Ξ- Formas nominais.
- O- Marco histórico e xeográfico da Hélade Antiga.
- Π- Hélade entre o mito e a realidade.
- P- Transmisión dos textos clásicos: os monxes copistas.
- Σ- A poesía épica grega: Homero, Ilíada e Odisea.


T- O teatro grego.Orixes.Traxedia. Comedia. Asamblea de mulleres de Aristófanes.

## LECTURAS OBRIGATORIAS



**Íliada canto I,VI,XXIV**

Homero




**Asamblea de mujeres**

Aristófanes



**El ejército perdido**

**Valerio M. Manfredi**



**Así vivían en Grecia**

**Raquel López Melero**

## TEMPORALIZACIÓN

### SETEMBRO –OUTUBRO

- \* O grego lingua indoeuropea.
- \* O alfabeto grego. Rasgos suprasegmentais.
- \* Sintase dos casos.
- \* O artigo.
- \* A concordancia.
- \* O enunciado do sustantivo.
- \* 1º declinación.
- \* 2º declinación.
- \* Verbo εἰμι.
- \* Literatura: Platón , Giorgos Seferis. Lectura de Poemas de Seferis.
- \* Etimoloxías.
- \*Traballo de antroponimía.

### NOVEMBRO – DECEMBRO

- \* Marco xeográfico e histórico da Hélade Antiga.
- \* O adxetivo calificativo.
- \* Os demostrativos.
- \* Negación ου
- \* conxunción και, δε.

\* Xeneralidades do verbo grego.

\* Presente dos verbos.

\* Etimoloxías.

\* Traballo de etimoloxía.

## XANEIRO

\* Xeneralidades da 3ª declinación.

\* Temas en oclusiva.

\* Pronomes/determinantes demostrativos, indefinidos, posesivos.

\* Pronome/determinante de identidade.

\* Etimoloxías.

\* Traducción.

## FEBREIRO-MARZO

\* Temas en nasal.

\* Temas en líquida.

\* Temas en silbante.

\* Temas en vogal.

\* Etimoloxías.

\* Traducción.

\* A cidade de Atenas.

## ABRIL-MAIO.

- \* Tema de futuro, aoristo, perfecto.
- \* Voz activa, media, pasiva.
- \* Pronome relativo. Oracións de relativo.
- \* Formas nominais do verbo.
- \* Etimoloxías
- \* Traducción.

## XUÑO

- \* Traducción de textos aplicando os coñecementos gramaticais, históricos e literarios adquiridos nos meses anteriores.

## CONTIDOS MÍNIMOS GREGO 1º BACHARELATO

- \* Coñecer a situación da lingua grega dentro do entorno do marco indoeuropeo.
- \* Coñecer o alfabeto grego e os signos de puntuación da lingua grega.
- \* Coñecer a flexión nominal, pronominal e verbal.
- \* Usos dos casos.
- \* Concordancia, estruturas oracionais.
- \* Adquisición dun vocabulario grego mínimo.
- \* Estudio do léxico de orixe grego.
- \* Coñecer e localizar o marco xeográfico da Hélade Antiga.
- \* Identificar as principais divinidades e heroes da mitoloxía grega.

## 2º BACHARELATO

### OBXETIVOS XERAIS

**A-** Coñecer e utilizar as estruturas morfo-sintácticas para traducir os textos específicos da proba de selectividade.

**B-** Interpretar textos literarios históricos e filosóficos, comprendendo a súa estrutura, pensamento e ideoloxía reflectida neles.

### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- \* Traducción de textos de Xenofonte, históricos e filosóficos.
- \* Traducción de textos de Platón.
- \* Temas históricos, institucións gregas.
- \* Temas literarios, épica, drama e lírica.
- \* Lecturas:
  - \* Ilíada de Homero, canto I, VI, XVI, XXII
  - \* Asamblea de mujeres de Aristófanes.
  - \* Poemas de Safo, Alceo y Arquíloco.
- \* Estudios etimológicos.
- \* Estudio morfo-sintáctico da lingua grega.

### LECTURAS RECOMENDADAS

Alcibíades O último ateniense.

O exército perdido. Valerio Máximo Manfredi

Alexandre Magno. Trilogía. Valerio Máximo Manfredi.

## **TEMPORALIZACIÓN**

### **SETEMBRO-OUTUBRO**

\* Repaso morfología e sintaxe de grego 1º de bacharelato.

\* Proba de coñecemento previo.

\* Xenofonte.

\* Sinopsis historia de Grecia.

\* Guerras do Peloponeso.

\* Textos de Xenofonte ( Helénicas )

### **NOVEMBRO**

\* Infinitivos e participios: oración de infinitivos e participiales.

\* Relativo: oracións de relativo.

### **DECEMBRO**

\* Poesía épica, Homero.

### **XANEIRO**

\* Edipo rei de Sófocles.

### **FEBREIRO**

\* traducción doutras obras de Xenofonte.

## MARZO

- \* Platón, selección de textos.
- \* Asamblea de mulleres de Aristófanes.

## ABRIL

- \* Xenofonte e Platón, textos.
- \* Poesía lírica: Alceo, Safo e Arquíloco.

## MAIO

Probas de avaliación final.

O temario pode variar tendo en conta posibles cambios das probas de selectividade,

## ALUMNADO CON GREGO 1º BACHARELATO PENDENTE

O alumnado con grego 1º de bacharelato pendente está suxeito aos contados mínimos de grego 1º de bacharelato.

Realizarán dous exames ao longo do curso:

1º exame: temas culturais e obras de literatura. Mes de xaneiro-

2º exame: temas morfo-sintácticos e traducción. Mes de marzo.

De no ter superada a materia realizarase un único exame final no mes de abril.

Os criterios de avaliación e cualificación son os mesmos cos reflexados na programación xeral do departamento.

## CONTIDOS MÍNIMOS GREGO 1º BACHARELATO

### A- A lingua grega

Historia suscinta da lingua grega

O alfabeto grego

Flexión nominal, pronominal e verbal. Forma e función. A concordancia

Sintaxe. Oracións, nexos e partículas.

### B- Os textos gregos e a súa interpretación

Introducción as técnicas de tradución e interpretación de textos

Análise morfo-sintáctico.

### Γ- O léxico grego

Procedimentos de derivación e composición de palabras.

Aprendizaxe de vocabulario grego.

Cultismos de orixe grega nas linguas modernas.

Vocabulario científico e técnico.

### Δ- O legado grego.

Sinopsis da xeografía e historia da Antiga Hélade.

A cidade grega

A lei, a xustiza, formas de goberno, crenzas e costumes.

Breve presentación dos xéneros literarios: épica, lírica, drama e

Historiografía.

## **CONTIDOS MÍNIMOS GREGO 2º BACHARELATO**

A- traducción de textos de Xenofonte e Platón

B- Análise morfo-sintáctico dos textos.

Γ- Identificar e analizar estruturas morfo-sintácticas extraíbles dos textos.

Δ- Etimoloxías de termos gregos e definición dos mesmos.

E- Interpretación histórica, literaria e cultural dos textos de lectura obrigatoria.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Recoñecer helenismos remontándoos aos términos gregos orixinais.

Analizar as distintas formas gramaticais e a súa función na frase.

Traducir textos gregos orixinais adaptados a cada un dos cursos de grego.

Coñecer de xeito axeitado os rasgos máis salientables da civilización grega.

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Avaliación continua que responderá ao traballo do alumno na clase, a súa participación e a asimilación dos novos conceptos que demostrará de modo oral e escrito.

Valoración da participación do alumno na clase.

Análise do método de traballo do alumno: recolleita de apunte, realización de tarefas...

Atención aos traballos personais que se realicen.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Realización de probas específicas dos contados aprendidos.

Tipos de probas:

Exercicios de traducción sen dicionario.

Exercicios de traducción con dicionario.

Preguntas sobre cuestións gramaticais do texto.

Probas prácticas de coñecementos gramaticais.

Realizaranse exercicios e probas de etimoloxía.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

### **Actividades de seguimento materia grego 1º pendiente.**

A o longo do curso o alumnado de grego de 1º de Bac coa matéria de grego pendiente debera realizar actividades co fin de superar a matéria do xeito máis efectivo .

A realización de exercicios de morfoloxía e sintase , asi como a traducción de textos serán obxeto revisión mensual, estas actividades serán repartidas ao alumnado pendiente pola xefa de departamento nas datas acordadas por ela e os alumnos pendentes.

## **EXAMENES DE PENDENTES**

“ Exámenes ao longo do curso

1º Mês de enero examen de morfoloxía

2º examen mes de Marzo sintase e morfoloxía, traducción de textos.

De ser superadas as probas o alumno terá aprobada a matéria de grego pendiente.

A no superación das probas dará dereito a um examen final da matéria nos primeiros días do mês de Maio .

Os diferentes contidos obxeto de examen veñen dados nos contidos mínimos da materia de grego 1º Bacharelato.

## **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS DO ALUMNADO**

Dado que a materia de grego no bacharelato e materia que o alumnado cursa por primera vez faranse como proba de coñecementos previos para o alumnado de 1º de BAC, sinxelos cuestionarios e test de coñecentos históricos sobre civilización grega e marco xeográfico, e um sinxelo cuestionario sobre o alfabeto grego. Na língua farase unha pequena proba de etimoloxía e partindo das línguas vehiculares unha proba de análise morfo-sintáctico.

No 2º Bac farase unha proba inicial dos coñecementos adquiridos o curso pasado para poder comprobar os coñecementos do alumnado e proceder a subsanar os non asimilados.

Realizárense controis periódicos co fin de comprobar os avances progresivos do alumnado. Estes controis suporán un 3% máximo da nota da avaliación.

Haberá como mínimo dous exames por avaliación que suporán o 70% da nota da avaliación.

A materia non é eliminatoria, trátase de avaliación continua.

A avaliación non superada será obxecto de recuperación en un único exame, onde a materia será a correspondente a avaliación non superada.

A nota final do curso será a nota media das tres avaliacións sempre e cando estan superadas.

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica do bacharelato debe presentar as seguintes características:

**\* Favorecer a capacidade do alumnado para traballar por se mesmo, traballar en equipo e utilizar os métodos apropiados para a investigación.**

**\* Relacionar os aspectos teóricos da materia cos aspectos prácticos.**

O proceso de ensino-aprendizaxe debe realizarse mediante as seguintes actividades aplicadas a cada tema:

\* Actividades de introducción e motivación e coñecementos previos.

\* Actividades de desenvolvemento: lectura e comentario de textos, exercicios de léxico, exercicios morfo-sintácticos e traducións para aplicar os mesmos.

\* Actividades de síntese e resumo: visualización do material lingüístico e cultural de cada tema mediante gráficos, paradigmas, esquemas e mapas.

\* Actividades de recuperación, ampliación e visualización: exercicios de cada tema amplos e variados tocando os diferentes aspectos lingüísticos culturais e literarios.

\* **Actividades de recuperación:** destinada ao alumnado que prantexa problemas na asimilación dos contados. Prepararanse exercicios de recuperación de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos, esquematizando os temas culturais.

\* **Actividades de ampliación:** destinada ao alumnado que tendo superados os contados poden facer actividades de ampliación e profundización, mediante traballos de investigación cultural, lecturas complementarias ou ampliación do léxico grego.

\* Actividades de avaliación adaptadas aos obxetivos e contados dos temas.


## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

### LIBROS DE TEXTO


#### 1º BACHARELATO




## 2º BACHARELATO




## LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADA




LESKY, Albin: *Historia da la literatura griega*. Ed Gredos. Madrid  
1982




STRUVE: *Historia de la Antigua Grecia*. Ed Akal. Madrid. 1981



HUMBERT, J.: *Mitología Griega y romana*. GG. Barcelona 1980



GRIMAL, Pierre: *Diccionario de mitología griega y Romana*. Ed. Paidós. 1982



MATEOS, A: *Etimologías griegas del español.*  
*Ed. Esfinge. Mexico D.C. 1982*

## RECURSOS MULTIMEDIA. Accións colaboración TIC

Páxinas web de interese.

[www.culturaclásica.com](http://www.culturaclásica.com)

[www.perseus.tufts.edu.com](http://www.perseus.tufts.edu.com)

<http://ludusliterarius.net>

<http://helenizate.blogspot.com> ( blogue do departamento de grego do IES do Castro.)



O departamento dispón dun blogue onde se recollen enlaces de interese para a matéria de grego. Neste curso o departamento ten intención de ensinar ao alumnado a elaboración de blogues , e distintos tipos de presentación para elaborar os seus traballos.

## EDUCACIÓN EN VALORES


Nunha concepción integral da educación, o tratamento transversal da educación en valores é fundamental porque o alumnado adquira comportamentos responsabeis na sociedade, respetando as ideas e crenzas dos demáis. O carácter integral do currículo implica anecesidade de integrar na materia de grego elementos educativos básicos.

Entre os obxetivos xerais do bacharelato recollense algúns que representan valores da sociedade actual:

- \* Exercer a cidadanía democrática dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- \* Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de igualdade entre homes e mulleres, analizar e valorar as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e no discriminatoria das persoas con disxapacidades.
- \* Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en un mesmo e sentido crítico.

Para unha correcta inclusión dos temas trasversais na programación da materia e convinte seguir estes pasos:

- 1- Clarificar o alcance e o significado de cada un dos valores que vanse traballar.
- 2- Adecuar eses valores a programación didáctica, que concretamente en grego poderíamos resumir en:
  - \* Fomentar o diálogo para resolver diferenzas, analizando problemas históricos e analizando as súas solucións.
  - \* Resaltar aspectos de creatividade e iniciativa xurdidos en Grecia e destacar a súa trascendencia na civilización.
  - \* Analizar e recoñecer nos textos gregos a actuación de persoaxes en mor da paz e comprensión entre os pobos.

- 
- \* Apreciar e valorar a diversidade cultural e lingüística de Europa como mostra de convivencia entre pobos.
  - \* Recoñecer nos textos clásicos situacións de discriminación por cuestión de sexo, raza e analizálos críticamente.
  - \* Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar la discriminación.
  - \* Deducir da postura dos gregos ante a natureza e o universo posicións de respecto ante a natureza e o entorno social.
  - \* Despertar a interese pola cultura que Grecia desenrolou e nos legou, suliñando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, para fomentar así, actitudes de respecto entre os pobos.

## **ACCIÓNS CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

Xa quedou reflexado no apartado de materiais a contribución a proxecto lector nas lecturas obrigatorias e recomendadas que os alumnos deben de realizar ao longo do curso.

## **ACCIÓNS CONTRIBUCION AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Contribuir ao plan de convivencia do centro intentando manter un clima axeitado na clase intetando integrar actitudes disrruptivas, e seguir os puntos principais do plan de convivencia do centro.

## **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN**

- A- Observar a adecuación dos contidos ao nivel do alumnado**
- B- Adaptar os exercicios as evolucións dos alumnos**
- Γ- Sustituir ou variar contidos e a súa temporalización**
- Δ- Observar a evolución positiva do alumnado**
- E- Observar a correcta asimilación de contidos**

**A correcta evolución e progresiva do alumnado determinará a adecuación da programación e os contidos referidos nela. No caso de detectar alguna incidencia os contidos e a súa temporalización poderán ser variados nalgún momento.**

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

**Cine fórum cine clásico**  
**Grupo de teatro**  
**Concurso Odisea 2013**

Vigo 16 de setembro 2012

Carmen Vilariño Agras

Xefa departamento de grego.

